

TERCEIRA CIRCULAR

(7 de decembro do 2016)

Unha vez rematado o periodo de recepción das propostas de comunicación e **resolto o proceso de selección das mesmas** (o listado definitivo pode consultarse en: <https://historiazgz2017.com/propuestas-de-comunicacion/>), ofrécese as seguintes precisións referentes á elaboración definitiva das comunicacións, dossiers de traballos e Scriptoria, así como a información relativa aos detalles de inscrición e aloxamento para o VI Encontro Internacional de MIHC Zaragoza 2017.

En primeiro lugar, **queda aberto o prazo de presentación de comunicacións, que concluirá o venres 21 de abril** (inclusive). Ditas comunicacións será tramitadas por duplicado, enviándose ao correo particular de cada Mesa-taller e ao correo oficial do encontro (joveneshistoria2017@gmail.com). En cuestións de formato, edición e citas bibliográficas, as comunicacións ceñiranse ás normas estipuladas no documento “Normas de edición e citación” aloxado na sección de descargas, que como se indica adaptáronse á revista Ayer.

En segundo lugar, **queda tamén aberto o prazo de presentación de dossiers de traballo, que concluirá o venres 23 de xuño** (inclusive). A elaboración destes dossiers corre a conta da coordinación das Mesas-taller, as cales, a partir das comunicacións recibidas e da filosofía da súa mesa, compoñerán un documento de traballo que procurará satisfacer estas tres demandas:

- 1) Sintetizar os contidos da súa mesa de maneira que calquera oínte que queira asisitr á mesma poda ter unha idea xeral sobre o tipo de comunicación recibidas.
- 2) Marcar os posibles puntos de acordo e disenso entre as distintas comunicacións, e en base a eles formular unhas liñas de debate que se axusten aos contidos e obxectivos da mesa.
- 3) Prover, a discreción dos coordinadores, aqueles materiais suplementarios, reflexións ou valoracións pertinentes para enriquecer a experiencia global do taller.

Lémbrase que **a elaboración destes dossiers é obligatoria** para cada Mesa-taller, e que os documentos resultantes serán colgados para a súa libre consulta na web do encontro, xunto ao resto de comunicacións definitivas. Por último, os dossiers redactaránse seguindo as mesmas normas de edición e formato formuladas para as comunicacións, sin superar tampouco a extensión fixada para aquelas.

En terceiro lugar, os **Scriptoria** tamén terán que presentar, dentro do prazo de entrega das comunicacións (venres 21 de abril inclusive), informes concernentes ao estado de desenvolvemento dos seus proxectos e o tipo de actividades previstas para as

datas do Encontro. Este informe será tamén comunicable no Blogue, e para a súa realización ofrécese orientacións na sección de descargas, enlace [“Informe Scriptoria”](#).

En materia de asistencia e participación ao Encontro **anúnciase unha inscrición unitaria de 15€** que deberá realizarse sobre a seguinte conta (**ES 26 2085 0168 5403 0001 0023**)¹ antes do venres 21 de abril (inclusive), so pena de ter que pagar un importe adicional de 5€ a partir desa data. O xustificante resultante do pago será enviado por correo oficial do Encontro (joveneshistoria2017@gmail.com) integrado no documento oficial de inscrición aloxado no blogue do encontro: <https://historiazgz2017.com/descargas/>. O pago da inscrición compondrá o dereito a recibir material de traballo, diploma de asistencia (en calidade de oínte, comunicante ou coordinador, segundo corresponda), así como a acreditación necesaria para asistir a calquera das actividades previstas no marco do Encontro.

No que se refire a manutención e transporte, dende o Comité Organizador lembramos que a contratación de servizos de **aloxamento** e transporte corren a conta de cada participante. De todos modos, para facilitar ditas xestións ofrécese un documento titulado “Recomendacións de aloxamento” (tamén na sección de descargas), cunha serie de recomendacións para atopar aloxamento asequible e cercano ao Campus universitario de Zaragoza. Outras precisións, como as relativas ao **transporte, horario provisional, inclusión ou non do xantar e espazos de celebración** do Encontro, ofreceranse a partir da publicación da IV Circular.

Déspidese atentamente,
O Comité Organizador

¹ Para ingresos internacionais de fóra da UE o código Swift é: CAZRES2Z.